

VIII CONCURSO DE DEBUXO E PINTURA INFANTIL E XUVENIL ENCONTRO COA ARTE 2026

Con motivo da celebración do XIX Encontro coa Arte de Brión os días 3, 4 e 5 de xullo de 2026, o Concello de Brión, co fin de contribuír ao fomento e promoción das artes plásticas entre os máis novos, organiza, coincidindo con este encontro, un Concurso de debuxo e pintura infantil e xuvenil que se celebrará o próximo 3 de xullo de 16:30 horas ata ás 18:00 horas no adro da Igrexa de Bastavales.

1. Participantes:

Poderán participar rapaces e rapazas, de entre 4 a 17 anos, presentando un único traballo por autor/a.

Haberá tres categorías:

A.- Nenos e nenas de 4 a 6 anos.

B.- Nenos e nenas de 7 a 10 anos

C.- Mozos e mozas de 11 a 17 anos.

2. Condicións técnicas:

As obras poderán ser realizadas con total liberdade de técnicas e de materiais, en tamaño non inferior a un formato DIN A4.

Cada participante concursará provisto de todo o material que poida necesitar para realizar a súa obra, incluído cabaleta en caso de necesitalo.

As obras deberán presentarse sen sinatura, incluíndo ao dorso os seguintes datos do/a autor/a: Nome, apelidos e idade.

3. Data e lugares de presentación:

Os participantes presentarán o soporte físico da obra para ser selado o mesmo día 3 de xullo, entre ás 16:00 e ás 16:30 horas, no adro da Igrexa de Bastavales.

4. Recepción das obras:

As obras rematadas entregaranse no mesmo espazo do adro da Igrexa de Bastavales de 18:00 a 19:00 horas. Transcorrido este intervalo, darase por finalizado o tempo de realización e presentación de obras.

5. Premios:

Haberá tres premios individuais para cada Categoría:

Categoría A:

1º Premio: Diploma e vale de 50 € para libros, xogos ou material escolar.

2º Premio: Diploma e vale de 30 € para libros, xogos ou material escolar.

3º Premio: Diploma e vale de 20 € para libros, xogos ou material escolar.

Categoría B:

1º Premio: Diploma e vale de 50 € para libros, xogos ou material escolar.

2º Premio: Diploma e vale de 30 € para libros, xogos ou material escolar.

3º Premio: Diploma e vale de 20 € para libros, xogos ou material escolar.

Categoría C:

1º Premio: Diploma e vale de 50 € para libros, xogos ou material escolar.

2º Premio: Diploma e vale de 30 € para libros, xogos ou material escolar.

3º Premio: Diploma e vale de 20 € para libros, xogos ou material escolar.

6. Propiedade das obras:

As obras gañadoras pasarán a ser propiedade do Concello de Brión.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal, o Concello de Brión poderá incorporar os datos facilitados polos participantes aos ficheiros de datos de carácter persoal desta institución. O Concello de Brión poderá realizar tratamento informatizado, ou non, de todos os referidos datos de carácter persoal, directamente coa seguinte finalidade: (I) Publicar na revista Altamira e nas páxinas web do concello a relación de participantes e premiados neste certame.

Os participantes poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento, de conformidade co establecido na lexislación vixente, dirixíndose por escrito ao Sr. Alcalde do Concello de Brión, entidade responsable dos ficheiros, no seguinte enderezo: Praza do Concello nº 1, 15865 Brión (A Coruña).

Así mesmo, os autores das obras participantes no Concurso ceden o dereito de reprodución fotográfica das mesmas ao Concello de Brión, a fin de publicitar este evento, comprometéndose este a incorporar, xunto á reprodución, o nome e apelidos do seu autor.

7. Composición do xurado:

O xurado será designado polo Concello de Brión a tal efecto e o fallo emitirase o día 3 de xullo de 2026, reservándose o dereito a declarar algún premio deserto, se o estimase oportuno. O veredicto do xurado será inapelable.

O xurado e a organización resérvanse o dereito de resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do concurso en todo o non previsto nestas normas.

O feito de participar neste Concurso supón a aceptación destas bases.